

ADMINISTRACIÓN LOCAL
PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego

Bases reguladoras do programa DP0044/2024 de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o embelecemento de restaurantes do plan de sostibilidade turística en destino os Fogóns do Anllóns

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E EMPREGO, SECCIÓN DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO.

Por resolución de Presidencia número 28944/2024, de 10 de xullo, aprobáronse as bases reguladoras do programa de de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para o embelecemento de restaurantes do PSTD Os Fogóns do Anllóns, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation para o ano 2024, co seguinte texto:

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O EMBELECIMENTO DE RESTAURANTES DO PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO OS FOGÓNS DO ANLLÓNS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION PARA O ANO 2024.

DP0044/2024

Unidade xestora	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
Sección	Sección de Promoción Económica e Emprego
Anualidade	2024
Denominación	PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O EMBELECIMENTO DE RESTAURANTES DO PSTD OS FOGÓNS DO ANLLÓNS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION PARA O ANO 2024
Beneficiarios	Persoas físicas ou xurídicas titulares de empresas de restauración situadas nos concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha e Ponteceso
Programa	DP0044
Aplicación orzamentaria	0510/4328/771
Importe da convocatoria	200.000,00 €
Importe do orzamento de gastos subvencionado	Mínimo 5.000,00 €
Importe da subvención que se vai conceder	Máximo 8.000,00 €
Importe solicitado	Entre o 50 % e o 80 % do orzamento de gastos subvencionables
Coefficiente de financiamento	0,8
Gasto anticipado	Non

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, presentou, na convocatoria do 2022, o Plan de sostibilidade turística en destino extraordinario supramunicipal proxecto Os Fogóns do Anllóns, que implica aos municipios de Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha e Ponteceso.

Este proxecto, que foi aprobado e formalizado mediante Resolución do 19 de decembro de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo, na que se publicou o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo, do 14 de decembro de 2022, polo que se fixan os criterios de distribución, e o reparto resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais, no marco do Compoñente 14 Inversión 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, está dotado con 1.500.000,00 euros e está dirixido a incrementar a sostibilidade e capacidade operativa do territorio o dos seus xestores, reforzando a colaboración público - privada para responder á caída da demanda e á necesaria adaptación do destino turístico consecuencia da crise sanitaria global.

Dentro das propostas de actuación do PSTD Os Fogóns do Anllóns, no eixe de competitividade, atópase o “Embelecemento de restaurantes (apoios a establecementos para a mellora das instalacións, mobiliarios e utensilios)”.

Así pois, e por todo o anteriormente indicado, o obxecto das axudas desta convocatoria céntrase en aportar valor engadido á experiencia culinaria da restauración local mediante a adquisición de elementos decorativos, e funcionais, que vinculen os activos patrimoniais inmateriais de base local, como son os produtos elaborados con técnicas artesanais, á oferta gastronómica destes establecementos.

1.- BASES XERAIS

Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación número 34561 do 14 de setembro de 2023 (Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 178, luns, 18 de setembro de 2023)

2.- BASES ESPECÍFICAS

Base 1.- Liñas xerais e réxime xurídico específico

Liñas xerais

A asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, así como a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, establécense como competencias propias da Deputación segundo o artigo 36.1.b) e d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Deste xeito, e como entidade executora do subproxecto Os Fogóns do Anllóns, en conformidade co establecido na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, a Deputación pretende fomentar a competitividade, promover a sostibilidade, ambiental e socioeconómica, e favorecer a adaptación dun sector, como é o da restauración, que ten unha función básica como escenario da posta en valor dos saberes e dos sabores do territorio do PSTD.

Por todo o anterior, a Deputación da Coruña, no desenvolvemento das ditas competencias, quere poñer en marcha unha convocatoria específica de subvencións destinada a persoas físicas ou xurídicas titulares de empresas de restauración situadas nos concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha e Ponteceso, para a adquisición de elementos decorativos, e funcionais, que vinculen os activos patrimoniais inmateriais de base local, como son os produtos elaborados con técnicas artesanais, á oferta gastronómica destes establecementos.

Réxime xurídico específico

- Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia;
- Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia;
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia;
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información que han proporcionar as entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia;
- Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia; Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision-CID), do 13 de xullo de 2021;
- Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia;
- Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.

Base 2.- Financiamento

Estas axudas están financiadas ao 100 % polos fondos NextGenerationEU a través do Mecanismo europeo de recuperación e resiliencia establecido polo Regulamento Unión Europea

(UE) número 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de recuperación da Unión Europea para o apoio da recuperación tras a crise da COVID-19, e regulado segundo o Regulamento (UE) número 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, dentro do compoñente 14: Plan de modernización e competitividade do sector turístico, liña de

investimento 1. O dito financiamento queda legalmente vinculado á realización das actuacións subvencionadas, medidas integradas no Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España.

Esta axudas están suxeitas ao réxime de mínimos de conformidade coa lexislación de aplicación.

Os custos derivados do presente programa financiaranse con cargo á seguinte aplicación do orzamento desta Deputación para o exercicio 2024.

Aplicación orzamentaria	Crédito dispoñible
0510/4328/771	200.000,00 €

Base 3.- Obxecto

O obxecto desta convocatoria é apoiar especificamente a adquisición, por parte de persoas físicas ou xurídicas titulares de empresas de restauración, de elementos decorativos, e funcionais, que vinculen os activos patrimoniais inmateriais de base local, como son os produtos elaborados con técnicas artesanais, á oferta gastronómica destes establecementos.

Para os efectos deste programa, serán obxecto de subvención todos aqueles utilizábeis e mobiliario que formen parte da decoración e experiencia gastronómica directa (manteis, cubertos, vaixelas, etc.) producidos, mediante métodos artesanais, en obradoiros legalmente establecidos da provincia da Coruña.

Base 4.- Destinatarios/as, requisitos e contía

Estas axudas diríxense a persoas físicas ou xurídicas titulares de empresas de restauración, segundo o concepto contemplado no artigo 75 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, que teñan o seu domicilio fiscal e o centro de traballo obxecto dos investimentos dentro dos termos municipais dos concellos integrantes do PSTD Os Fogóns do Anllóns: Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha e Ponteceso.

Así mesmo, as devanditas empresas deberán ter autorizado ou clasificado, conforme estableza a normativa turística no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia (en adiante, REAT), o establecemento de restauración para o cal se solicita a axuda, con base nos artigos 50 e 51 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia. Para estes efectos, as solicitudes deberán achegar copia da resolución de clasificación definitiva e número de inscrición no REAT.

As persoas físicas ou xurídicas titulares de empresas de restauración dos concellos de Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha e Ponteceso deberán presentar un orzamento no que se especifiquen os gastos que o conformarán, do cal poderán solicitar entre o 50% e o 80% e, como máximo, 8.000 euros.

Base 5.- Gastos subvencionables

Serán obxecto de axuda os bens inventariables producidos en obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía, en ningún caso gastos de carácter corrente.

- Os bens inventariables terán que estar incluídos nalgunha das seguintes tipoloxías:
- Obxectos cerámicos de decoración e vaixela.
 - Obxectos de madeira de mobiliario, decoración, vaixela e cubertos.
 - Obxectos de coiro de decoración e servizo á mesa.
 - Obxectos de cestería de decoración e servizo á mesa.
 - Obxectos téxtiles de decoración, panos, manteis e servizo á mesa.
 - Obxectos de pedra de decoración, mobiliario e servizo á mesa.
 - Obxectos elaborados con redes de decoración ou servizo á mesa.
 - Obxectos de metal de decoración, cubertos ou servizo á mesa.
 - Obxectos de vidro de decoración, cristalería e servizo á mesa.
 - Instrumentos musicais de decoración ou servizo á mesa.

Enténdese como obxectos de “servizo á mesa” todos aqueles que non posúan carácter ornamental, que complementen a cristalería, vaixela, cubertos, manteis e panos, que estean presentes na mesa e formen parte do servizo de restauración.

CONTA	DESCRICIÓN DA CONTA SEGUNDO O PLAN XERAL DE CONTABILIDADE
214	Utensilios (inmobilizacións materiais inventariables)
216	Mobiliario (inmobilizacións materiais inventariables)
219	Outro inmovilizado material (inmobilizacións materiais inventariables)

Consideracións con respecto aos gastos subvencionables:

Todos os gastos subvencionables deberán estar directamente relacionados co embelecemento das empresas de restauración. Non se subvencionan, en ningún caso, gastos indirectos ou propios do funcionamento ordinario das devanditas empresas.

Serán obxecto de axuda os bens inventariables, en ningún caso gastos de carácter corrente.

- Gastos excluídos:**
- Os gastos a que se refire o artigo 29.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Os gastos de carácter xeral da empresa solicitante.
 - Os gastos protocolarios (agasallos, cáterings...).
 - Os gastos de mantemento ordinarios.
 - Os gastos derivados da adquisición de bens inventariables non producidos en obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía.
 - Os gastos que non sexan necesarios para a adquisición de obxectos dirixidos ao embelecemento dos establecementos.
 - O imposto sobre o valor engadido (IVE) ou, de ser o caso, os impostos indirectos equivalentes cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, non terán a consideración de gastos subvencionables.

Base 6.- Solicitudes

A documentación a presentar para a solicitude é a relacionada no ANEXO I destas bases.

Base 7.- Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, a través do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas.

Base 8.- Valoración de solicitudes e concesión

O procedemento de concesión das subvencións, de conformidade cos artigos 19.1 e 21.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e da Base 5 das xerais, realizarase mediante réxime de concorrência competitiva e concesión provisional/definitiva.

CRITERIOS DE BAREMACIÓN			
Posuír selos e certificacións de calidade turística:	Polo menos 1	15 puntos	Até 25 puntos
	Máis de 1	25 puntos	
Clasificación dos restaurantes preceptuada no artigo 4 do Decreto 108/2006:	1 garfo	10 puntos	Até 20 puntos
	2 garfos	20 puntos	
Inclusión en guía de recoñecido prestixio internacional:	Guía Michelin Bib Gourmand	20 puntos	Até 20 puntos
	Outras	0 puntos	
Inclusión en guía de recoñecido prestixio estatal:	Guía Repsol Solete	10 puntos	Até 20 puntos
	Guía Repsol recomendado	15 puntos	
	Guía Repsol Sol	20 puntos	
	Outras	0 puntos	
Adhesión á iniciativa "A provincia que sabe":			15 puntos

Considerarase esgotado o orzamento cando se totalice o importe total do crédito desta convocatoria, que será dun máximo de 40.000,00 € por concello.

Unha vez establecida a puntuación por establecemento solicitante, e a listaxe xeral en función desta, procederase á distribución do crédito máximo por concello, de 40.000,00 €, seguindo a prelación establecida anteriormente.

No caso de que nalgún concello non se esgotase a contía máxima establecida, o seu excedente será asignado a outros solicitantes que non resultasen beneficiarios, por orde de puntuación segundo a listaxe xeral independentemente

do concello ao que pertenzan. No caso de empate atenderase a data e hora de presentación das solicitudes empatadas, primando aquelas que se presentasen con anterioridade.

Non se terán en conta para o baremo nin se fará requirimento sobre aqueles aspectos non acreditados ou non informados debidamente pola entidade solicitante.

Poderase requirir as persoas físicas ou xurídicas titulares de empresas de restauración para que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

A unidade encargada da tramitación administrativa do expediente, á vista da documentación que consta neste e logo da valoración das solicitudes de conformidade cos criterios de valoración establecidos nestas bases, formulará un informe proposto de resolución de concesión, debidamente motivado, que deberá expresar a relación de persoas solicitantes que cumpran os requisitos da convocatoria para as que propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite. Este informe proposto será remitido ao Servizo de Intervención para a súa fiscalización.

A resolución de concesión será notificada ás persoas interesadas mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña; nela figurará a relación das persoas solicitantes ás que se lles concede a subvención, as solicitudes desestimadas, as desistidas, e as non admitidas a trámite.

Base 9.- Compatibilidade / incompatibilidade

As subvencións outorgadas nesta convocatoria son compatibles con calquera outra subvención provincial para a mesma entidade beneficiaria, e para o mesmo período, sempre e cando non sexan para financiar o mesmo obxecto.

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Base 10.- Período subvencionable

A adquisición dos bens inventariables contemplados nesta axuda deberá efectuarse entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro do 2024.

Base 11.- Xustificación

As persoas beneficiarias deberán xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención, así como o cumprimento do principio «Do no significant harm-DNSH» (DNSH), perante o órgano concedente.

O prazo para a presentación da xustificación da subvención rematará o 18 de novembro de 2024 ás 14:00 horas.

Recibida a documentación xustificativa da subvención, a Deputación da Coruña, antes de proceder ao seu pagamento final, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinaron a concesión da subvención, de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como o cumprimento do compromiso en relación coa execución de actuacións do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, no sentido do artigo 8, punto 1.e) da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

Base 12.- Pago

O pago da subvención farase efectivo unha vez comprobado o cumprimento do obxecto para o cal foi concedida e a correcta presentación da documentación xustificativa.

O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polas persoas físicas ou xurídicas titulares de empresas de restauración, na documentación achegada.

Base 13.- Compromisos e obrigas

O período mínimo de adscrición dos bens inventariables aos fins previstos será de dous anos, segundo o reflectido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As persoas beneficiarias, físicas ou xurídicas, teñen a obriga de conservar os documentos xustificativos e demais documentación relacionada co financiamento da actuación en formato electrónico durante un prazo mínimo de 3 anos a partir da recepción do último pagamento, de acordo co establecido no artigo 22.2, apartado f), do Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e no artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) número 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018.

As persoas beneficiarias, físicas ou xurídicas, comprométense a recadar, para os efectos de auditoría e control do uso de fondos e en formato electrónico, as categorías harmonizadas de datos recollidos no artigo 22.2.d) do Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, de acordo co procedemento de incorporación

de información específica establecido no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro. Os devanditos datos serán incorporados nunha base de datos única.

As persoas beneficiarias, físicas ou xurídicas, comprométese a publicitar a achega provincial no propio establecemento e en todas as comunicacións polas que se dea a coñecer a empresa de restauración, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou Internet, así como na súa páxina web, e a facer constar o financiamento, a colaboración da Deputación Provincial da Coruña e a mención explícita ao “Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGeneration EU” xunto cos emblemas establecidos na seguinte normativa e manuais de referencia:

- Artigo 34 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia; artigo 10 do Acordo de Financiamento entre España e a UE; artigo 10 da Publicación de información, visibilidade do financiamento da Unión e dereito de uso; artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia; o artigo 10.1 do Acordo financeiro entre a Comisión e o Reino de España; o artigo 23.7 do Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia e o anexo IX Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados.
- O manual de aplicación “Normas de comunicación e visibilidade para os programas de financiamento da UE 2021-2027 - Orientacións para os Estados membros” elaborado pola Comisión Europea.
- O manual sobre “O uso do emblema europeo no contexto dos programas da UE 2021- 2027” da Comisión Europea.
- O manual de identidade corporativa do Plan de recuperación elaborado pola Secretaría de Estado de Comunicación da Presidencia do Goberno.
- O manual de Comunicación para os xestores e beneficiarios do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Secretaría Xeral de Fondos Europeos do Ministerio de Facenda e Función Pública.
- O manual de Comunicación para os xestores e beneficiarios do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

(Acreditarase documentalmente, na xustificación, a inclusión dos anteditos logotipos nos soportes de difusión así como a súa inclusión, en lugar visible, na súa páxina web).

As persoas beneficiarias, físicas ou xurídicas, das subvencións reguladas mediante estas bases deberán garantir o pleno cumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo» (principio «Do no significant harm-DNSH») e a etiquetaxe climática e dixital, de acordo co previsto no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, na Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision-CID), do 13 de xullo de 2021, e no Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, así como na súa normativa de desenvolvemento.

En todo caso, as persoas beneficiarias preverán mecanismos de verificación do cumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo» (principio «Do no significant harm-DNSH») para asegurar a súa implementación, do que deixarán constancia na memoria xustificativa da subvención segundo o contemplado na “Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (C/2023/111)”, publicada no Diario Oficial da Unión Europea do 11 de outubro de 2023.

Base 14.- Análise de risco de conflito de interese

O presente procedemento de subvención, na medida en que é un procedemento de execución do PRTR, está suxeito á análise sistemática e automatizada do risco de conflito de intereses disposto na Disposición adicional centésimo décimo segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

A falta de entrega da información requirida, no prazo que se indique, será motivo de exclusión do procedemento en que estea participando, de acordo co establecido no número 3 do artigo 7 da Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro.

Base 15.- Medidas antifraude

As persoas beneficiarias destas subvencións someteranse ás actuacións de control que realice a Deputación da Coruña para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da

Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación dispostas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, á autoridade responsable e aos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e ás verificacións do artigo 22 do Regulamento (CE) núm. 241/2021, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia publicado no Diario Oficial da Unión Europea do 18 de febreiro de 2021.

Na loita contra a fraude a Deputación da Coruña actuará de conformidade co seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, PREMADECOR, dispoñible en

https://sede.dacoruna.gal/sxc/es/portal_transparencia/Institucional_Organizativa/Planes_y_Programas/Planes_Programas.html

Disposición adicional primeira

A presentación dunha solicitude supón a aceptación das correspondentes bases reguladoras.

Disposición adicional segunda

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito a favor das persoas físicas ou xurídicas solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementarias e xurídicas de aplicación.

3.- ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I.- Documentación da solicitude

1.- Declaracións e compromisos

As persoas físicas ou xurídicas solicitantes deberán cumprir cos seguintes compromisos e obrigas:

- Declarar que non está incurso en ningunha das prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións e que cumpre coas condicións para obter a condición de entidade beneficiaria da axuda.
- Declaración de Ausencia de Conflito de Interese segundo o modelo recollido no anexo III.
- Declaración responsable do cumprimento dos principios transversais establecidos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e o cumprimento do principio DNSH no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) Nº 2020/852, do 18 de xuño (principio do no significant harm-DNSH) segundo o modelo recollido no anexo IV.
- Comunicar a través da plataforma de tramitación telemática SUBTEL calquera modificación que afecte á solicitude inicial realizada sen que en ningún caso implique aumento do importe da axuda concedida.
- Cumprir coas obrigas e requisitos esixidos nas presentes bases reguladoras.
- Entregar á Deputación da Coruña nos prazos previstos toda a documentación requirida.
- Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e da finalidade suxeita á subvención, someténdose ás actuacións de comprobación e control, que poderá

efectuar a Deputación da Coruña, así como outras comprobacións e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, internos ou externos, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

2.- Documentación

Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a persoa física ou xurídica está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

Do mesmo xeito deberase achegar:

- Declaración sobre outras subvencións solicitadas e/ou concedidas por entidades públicas e/ou privadas para o mesmo obxecto ou, no seu caso, declaración da inexistencia doutras subvencións.
- Resolución de clasificación definitiva co número de inscrición no REAT.
- Certificado de situación censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria actualizado.
- Certificado acreditativo de posuír selos ou certificacións de garantía ou calidade.
- Declaración das axudas públicas baixo o Réxime de mínimos solicitadas e/ou recibidas nos 3 últimos anos (modelo dispoñible en SUBTEL).
- Orzamento estimado de gastos para os que se solicita financiamento provincial, así como o importe da subvención solicitada que non poderá superar o 80% do orzamento de gastos subvencionable.

- Memoria explicativa que se referirá ás características do establecemento, obxecto de baremación, así como á adquisición que se vai subvencionar, a súa pretendida función de embelecemento, ao valor engadido que achega e ao seu proceso e lugar de produción.

ANEXO II.- Documentación da xustificación

1.- Declaracións e compromisos

- Declaración de que a persoa física ou xurídica non ten pendente de xustificación ningunha outra axuda da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.
- No caso de que proceda, declaración de que a persoa física ou xurídica RENUNCIA á parte da achega provincial non xustificada por non alcanzar a cantidade mínima requirida para a xustificación.
- No caso de que proceda, declaración de que a persoa física ou xurídica presenta a xustificación fóra do prazo establecido nas bases da convocatoria e ACEPTA a sanción que corresponde segundo se recolle nas bases da convocatoria, así como a compensación do importe da sanción no pago da subvención.
- Declaración de que os gastos presentados no expediente como xustificación da subvención concedida foron debidamente reflectidos, na forma preceptiva, na contabilidade da persoa física ou xurídica.

2.- Documentación

A subvención concedida farase efectiva logo da presentación da seguinte documentación xustificativa do cumprimento das condicións e da consecución dos obxectivos previstos na concesión:

- Memoria de actuación xustificativa das adquisicións realizadas e dos resultados obtidos que deberá incluír fotos ilustrativas, anteriores e posteriores;
- Certificación de todos os ingresos públicos ou privados, solicitados, concedidos ou obtidos para o mesmo obxecto (modelo dispoñible en SUBTEL).
- Impreso de comunicación de alta de datos bancarios para o rexistro de terceiros para os efectos de domiciliación dos importes que procede ordenar a Deputación Provincial da Coruña, salvo que este documento estea xa en poder da entidade provincial e non sufrise ningunha modificación.

A relación clasificada dos gastos, na que deberá achegar as facturas correspondentes ás adquisicións realizadas ao abeiro da subvención;

- Certificación de gastos: impreso descargable en SUBTEL que se xera automaticamente unha vez cuberta a relación clasificada dos gastos realizados.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a persoa física ou xurídica está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social; poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Declaración do beneficiario da súa situación respecto do IVE (modelo dispoñible en SUBTEL).
- Certificación da recepción do equipamento, detallando os bens adquiridos e indicando se se incluíron no inventario da entidade.
- Fotografía do equipamento.
- Declaración dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida, segundo o formato esixido nas bases, deberase achegar unha proba documental ao respecto.
- Tres ofertas de distintos provedores no caso de que o gasto cun mesmo provedor sexa superior a 15.000,00 € (IVE excluído), no termos da base 4 das xerais.

ANEXO III.- Modelo de Declaración de Ausencia de Conflicto de Interese

Código/expediente:

Subvención.

Co obxecto de garantir a imparcialidade no procedemento de subvención arriba indicado, o/os abaixo asinante/s, como participante/s no proceso de preparación e tramitación do expediente, declara/declaran:

Primeiro. Estar informado/s do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflicto de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións se vexa comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal».

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, define o conflito de interese como «calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de Contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no seu resultado, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación».

3. Que o apartado 3 da Disposición adicional centésima décima segundo da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, establece que «A análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese resulta de aplicación aos empregados públicos e resto de persoal ao servizo de entidades decisoras, executoras e instrumentais que participen, de forma individual ou mediante a súa pertenza a órganos colexiados, nos procedementos descritos de adxudicación de contratos ou de concesión de subvencións».

4. Que o apartado 4 da citada Disposición adicional centésima décima segundo establece que:

– «A través da ferramenta informática analizaranse as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, nas que se poida dar un interese persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de interese, entre as persoas ás que se refire o apartado anterior e os participantes en cada procedemento».

– «Para a identificación das relacións ou vinculacións a ferramenta conterá, entre outros, os datos de titularidade real das persoas xurídicas ás que se refire o artigo 22.2.d).iii) do Regulamento (UE) 241/2021, do 12 febreiro, que constan nas bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria e os obtidos a través dos convenios subscritos cos Colexios de Notarios e Rexistradores».

Segundo.

Que, no momento da firma desta declaración e á luz da información que consta no seu poder, non está/n incurso/s en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de interese, nos termos dispostos no apartado catro da Disposición adicional centésima décima segundo, que poida afectar o procedemento de concesión de subvencións.

Terceiro.

Que se compromete/n a poñer en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de interese que puidese coñecer e producirse en calquera momento do procedemento en curso.

Cuarto.

Que coñece que unha declaración de ausencia de conflito de interese que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

(Data, sinatura, nome completo e DNI)

ANEXO IV.- Modelo de Declaración responsable do cumprimento do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente (principio DNSH)

D./D^a

.....
.....

Con NIF, por si mesmo ou en representación da persoa xurídica

.....
.....

Con CIF, en calidade de.....

.....

EXPÓN

Que presentou a súa solicitude á convocatoria de subvencións dirixidas a EMBELECEMENTO DE RESTAURANTES DO PSTD OS FOGÓNS DO ANLLÓNS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN

EUROPEA-NEXT GENERATION PARA O ANO 2024, e co obxecto de asegurar que esta proposta de investimento cumpre o principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente (DNSH) nas seis dimensións definidas polo Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e o Regulamento (UE) 2020/852, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao establecemento dun marco para os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088 ("Regulamento de Taxonomía").

DECLARA

Que a proposta de investimento cumpre expresamente os seguintes requisitos, na medida en que lle sexan de aplicación en función da súa natureza:

A. Os bens que se han adquirir, o seu proceso produtivo, e a actividade á que estarán destinados non ocasionan un prexuízo significativo aos seguintes obxectivos ambientais, segundo o artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles mediante a implantación dun sistema de clasificación (ou «taxonomía») das actividades económicas medioambientalmente sostibles:

Mitigación do cambio climático. Adaptación ao cambio climático.

Uso sostible e protección dos recursos hídricos e mariños.

Economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos. Prevención e control da contaminación á atmosfera, a auga ou o solo. Protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas.

B. Os bens que se han adquirir, o seu proceso produtivo, e a actividade á que estarán destinados adecúanse, no seu caso, ás características e condicións fixadas para a medida e submedida da Compoñente e reflectidas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

C. Os bens que se han adquirir, o seu proceso produtivo, e a actividade á que estarán destinados cumprirán a normativa ambiental vixente que resulte de aplicación.

D. Os bens que se han adquirir, o seu proceso produtivo, e a actividade á que estarán destinados non están excluídas para o seu financiamento polo Plan conforme a Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (2021/C 58/01), á Proposta de Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España e ao seu correspondente anexo.

- Construción de refinerías de cru, centrais térmicas de carbón e proxectos que impliquen a extracción de petróleo ou gas natural, debido ao prexuízo ao obxectivo de mitigación do cambio climático.
- Actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a súa utilización ulterior, excepto os proxectos relacionados coa xeración de electricidade e/ou calor utilizando gas natural, así como coa infraestrutura de transporte e distribución conexas, que cumpran as condicións establecidas no anexo III da Guía Técnica da Comisión Europea.
- Actividades e activos no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se preveza que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes. Cando se preveza que as emisións de gases de efecto invernadoiro provocadas

pola actividade subvencionada non van ser significativamente inferiores aos parámetros de referencia, deberá facilitarse unha explicación motivada respecto diso.

- Compensación dos custos indirectos do réxime europeo de comercio de dereitos de emisión (RCDE).
- Actividades relacionadas con entulleiras de residuos e incineradoras, esta exclusión non se aplica ás accións en plantas dedicadas exclusivamente ao tratamento de residuos perigosos non reciclábeis, nin nas plantas existentes, cando estas accións teñan por obxecto aumentar a eficiencia enerxética, capturar os gases de escape para o seu almacenamento ou utilización, ou recuperar materiais das cinzas de incineración, sempre que tales accións non impliquen un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou a unha prolongación da súa vida útil; estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.
- Actividades relacionadas con plantas de tratamento mecánico-biolóxico, esta exclusión non se aplica ás accións en plantas de tratamento mecánico- biolóxico existentes, cando estas accións teñan por obxecto aumentar a súa eficiencia enerxética ou o seu reacondicionamento para operacións de reciclaxe de residuos separados, como a compostaxe e a dixestión anaerobia de biorresiduos, sempre que tales accións non impliquen un aumento da capacidade de tratamento de residuos das plantas ou a unha prolongación da súa vida útil; estes pormenores deberán xustificarse documentalmente para cada planta.
- Actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medio ambiente.

E. Os bens que se han adquirir, o seu proceso produtivo, e a actividade á que estarán destinados non causan efectos directos sobre o medio ambiente, nin efectos indirectos primarios en todo o seu ciclo de vida, entendendo como tales aqueles que puidesen materializarse tras a súa finalización, unha vez realizada a actividade.

O incumprimento dalgún dos requisitos establecidos na presente declaración dará lugar á obriga de devolver as cantidades percibidas e os xuros de mora correspondentes.

A Coruña, a 11 de xullo do 2024

O presidente

Valentín González Formoso

A secretaria,

Amparo Taboada Gil

2024/5052